

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17560** *Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.*

A Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, por medio da cal se incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2003/98/CE, do 17 de novembro de 2003, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á reutilización da información do sector público, establece o réxime xurídico xeral para a reutilización da dita información.

A citada lei recoñece a importancia e o valor que ten a información xerada desde as instancias públicas polo interese que posúe para as empresas e, consecuentemente, para o crecemento económico e a creación de emprego. Así mesmo, sinala o interese da citada información para os cidadáns e cidadás como elemento de apertura e participación democrática.

A Lei 37/2007, do 16 de novembro, non modifica o réxime de acceso aos documentos administrativos consagrado no noso ordenamento xurídico, senón que achega un valor engadido ao dereito de acceso, contemplando o réxime normativo básico para o uso por parte de terceiros da información que consta en poder do sector público, con fins comerciais ou non comerciais, nun marco de libre competencia, e regulando as condicións mínimas ás cales se debe acoller un segundo nivel de tratamento da información. Neste sentido, a Lei 37/2007, do 16 de novembro, establece as bases para promover a reutilización da información pública e garante que esta se leve a cabo no marco dunhas condicións claras, transparentes e non discriminatorias.

Por outra parte, favorecer a reutilización da información pública figura entre os obxectivos políticos establecidos para a Administración electrónica na Declaración ministerial de Malmö, de novembro de 2009, que fixa as prioridades da Unión Europea dentro deste ámbito para o período 2010-2015, e foron desenvoltas no Plan de Acción da Unión Europea sobre Administración electrónica no período 2011-2015. Este obxectivo viuse consolidado na Declaración ministerial de Granada, de abril de 2010, e na nova Axenda Dixital Europea, de maio de 2010, que guiará o futuro da Unión Europea en materia de sociedade da información ata o ano 2015.

Este real decreto enmárcase no conxunto de medidas que constitúen a Estratexia 2011-2015 do Plan Avanza 2, que prevé entre as súas medidas normativas o desenvolvemento regulamentario da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, co obxecto de detallar para o ámbito do sector público estatal as disposicións desta lei, promovendo e facilitando ao máximo a posta á disposición da información do sector público.

O capítulo I do real decreto establece no artigo 1 o seu obxecto e ámbito de aplicación, mantendo o ámbito de aplicación obxectiva da Lei 37/2007, do 16 de novembro, e acoutando o seu ámbito de aplicación subxectiva ao sector público estatal.

O capítulo II do real decreto contén o réxime xurídico da reutilización da información do sector público estatal. Así, o artigo 2 establece o principio xeral de que, no ámbito do sector público estatal, estará autorizada a reutilización dos documentos elaborados ou custodiados polas persoas xurídico-públicas que o forman, sen prexuízo do réxime aplicable ao dereito de acceso aos documentos establecido no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e das demais normas que regulan o dereito de acceso ou a publicidade rexistral con carácter específico.

O artigo 3 do real decreto ten por obxecto regular determinadas responsabilidades e funcións en materia de reutilización en cada departamento ministerial, organismo ou entidade do sector público.

O artigo 4 do real decreto supón un desenvolvemento do disposto no número 5 do artigo 4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro. Neste artigo establécese que as entidades do sector público estatal informarán, a través da súa sede electrónica, sobre os documentos reutilizables elaborados ou custodiados por elas. A publicación da información sobre os documentos reutilizables na sede electrónica, prevista no artigo 4, non implica necesariamente que os propios documentos reutilizables se poñan á disposición do público a través da sede electrónica, sendo posible que a dita posta á disposición se realice a través de páxinas da internet ou outros medios electrónicos.

O artigo 5 prevé o mantemento dun catálogo de información pública reutilizable correspondente, polo menos, á Administración xeral do Estado e demais organismos e entidades que forman parte do sector público estatal, que permitirá acceder desde un único punto aos recursos de información pública reutilizable existentes.

O artigo 6 establece determinados mecanismos de coordinación pertinentes no ámbito do sector público estatal, en particular, no que se refire á posta á disposición de información reutilizable por medios electrónicos.

O capítulo III desenvolve o réxime de modalidades de reutilización dos documentos reutilizables establecido na Lei 37/2007, do 16 de novembro, promovendo ao máximo a homoxeneidade, claridade e sinxeleza do réxime de condicións aplicables á reutilización, contribuíndo deste modo ao maior aproveitamento das posibilidades de reutilización e a impulsar a competencia e a innovación.

O artigo 7 establece certas condicións xerais para a reutilización da información, exixibles en todo caso, que constitúen un desenvolvemento dos contidos potestativos establecidos no artigo 8 da Lei 37/2007, do 16 de novembro. Entre outras condicións, prohíbese que o sentido da información sexa desnaturalizado, é dicir, que sexa terxiversado ou falseado.

O número 1 do artigo 8 establece que, no ámbito subxectivo de aplicación do real decreto, a modalidade xeral de posta á disposición dos documentos reutilizables será a posta á disposición para a reutilización sen suxeición a condicións específicas, e serán unicamente aplicables as condicións xerais antes mencionadas. Deste modo, o real decreto establece como regra xeral de aplicación a modalidade máis favorable á reutilización, que deberá ser a que se siga na xeneralidade dos casos. Non obstante, para os supostos en que a modalidade xeral de posta á disposición non resulte adecuada, pódese considerar o establecemento de condicións específicas adicionais ás condicións xerais previstas neste artigo. En tales supostos, poderase optar por aplicar algunha das outras modalidades de posta á disposición establecidas na Lei 37/2007, do 16 de novembro, nos termos desenvolvidos polos números 2 a 4 do artigo 8 do real decreto. Así mesmo, prevése que a posta á disposición a través do procedemento de solicitude previa establecido no artigo 10 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, só sexa empregado cando a natureza dos documentos así o exixa, por exemplo, cando correspondan a documentos que non preexistan en formato electrónico e noutros casos excepcionais debidamente motivados.

O capítulo IV regula o réxime aplicable aos documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual ou que conteñan datos persoais.

Conforme o establecido no artigo 3.3 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, o artigo 9 prevé que a reutilización dos documentos sobre os que existan dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros só poderá ser autorizada se se dispón da preceptiva e suficiente cesión dos dereitos de explotación por parte das persoas titulares deles.

Pola súa parte, o artigo 10 desenvolve o mandato establecido no artigo 3.3.e), da Lei 37/2007, do 16 de novembro, de que o exercicio dos dereitos de propiedade intelectual das administracións e organismos do sector público sobre os seus documentos se deberá realizar de forma que se facilite a súa reutilización, prevendo que a posta á disposición

dos documentos para a súa reutilización comportará a cesión non exclusiva dos dereitos de propiedade intelectual correspondentes.

Finalmente, o artigo 11 establece, en relación cos documentos que conteñan datos de carácter persoal, que se poderá proceder a autorizar a súa reutilización sempre e cando se proceda previamente a un proceso de disociación, de conformidade co establecido na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Conforme o disposto polo artigo 14.11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o uso do masculino xenérico no texto desta disposición débese considerar como inclusivo de ambos os xéneros.

O presente real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 37/2007, do 16 de novembro, e o Consello Superior de Administración Electrónica e mais o Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información emitiron informe sobre el e foi sometido a consulta pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, no ámbito do sector público estatal, no relativo ao réxime xurídico da reutilización, ás obrigas do sector público estatal, ás modalidades de reutilización dos documentos reutilizables e ao réxime aplicable a documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual ou que conteñan datos persoais.

2. Enténdese que forman parte do sector público estatal, para os efectos desta norma, os seguintes entes, organismos e entidades:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Os organismos autónomos e as axencias estatais dependentes da Administración xeral do Estado.
- d) As entidades de dereito público dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculadas a ela, que cumpran os requisitos do artigo 2.d) da Lei 37/2007, do 16 de novembro.
- e) As entidades estatais de dereito público distintas ás mencionadas nas letras c) e d) deste número e que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida por lei, teñan atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade.
- f) As fundacións do sector público estatal, definidas no artigo 44 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- g) Os consorcios, formados por entes, entidades ou organismos do sector público estatal, dotados de personalidade xurídica propia.
- h) As asociacións constituídas polas administracións, organismos e entidades mencionados nas letras anteriores deste número.

3. Este real decreto aplicarase aos documentos elaborados ou custodiados polo sector público estatal cuxa reutilización estea autorizada conforme a Lei 37/2007, do 16

de novembro, e conforme esta norma, e que non se encontren recollidos nas excepcións previstas no artigo 3 da mesma lei.

4. O previsto neste real decreto non restrinxirá as previsións máis favorables que, sobre acceso ou reutilización da información, se establezan nas disposicións sectoriais específicas.

5. Para os efectos desta norma enténdese por «axente reutilizador» toda persoa, física ou xurídica, que reutilice información do sector público, xa sexa para fins comerciais ou non comerciais, sempre que o dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública.

## CAPÍTULO II

### **Réxime xurídico e organizativo da reutilización da información no sector público estatal**

*Artigo 2. Autorización xeral para a reutilización dos documentos do sector público e posta á disposición por medios electrónicos.*

1. Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades a que se fai referencia no artigo 1.2 autorizarán a reutilización dos documentos elaborados ou custodiados por eles e incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, sen prexuízo do disposto no réxime aplicable ao dereito de acceso aos documentos en virtude do previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as demais normas que regulan o dereito de acceso, a reutilización da información do sector público ou a publicidade rexistral con carácter específico. Unicamente se poderá denegar motivadamente a reutilización dos documentos se concorre algún dos supostos establecidos no número 3 do artigo 3 da Lei 37/2007, do 16 de novembro.

2. Poranse á disposición do público os documentos reutilizables que se encontren previamente dispoñibles en formato electrónico por medios electrónicos, dunha maneira estruturada e usable para os interesados e interesadas e preferentemente en bruto, en formatos procesables e accesibles de modo automatizado correspondentes a estándares abertos nos termos establecidos no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica. Así mesmo, os documentos reutilizables e os medios electrónicos da súa posta á disposición deberán ser accesibles ás persoas con discapacidade de acordo coa Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e a súa normativa de desenvolvemento aplicable.

3. Procurarase que a información posta á disposición se actualice nun tempo razoable que permita o uso adecuado da dita información, cunha frecuencia análoga coa que actualicen a dita información internamente, así como a súa dispoñibilidade, incluída a temporal, completitude e integridade de acordo co marco normativo aplicable en cada caso.

4. Os documentos en formato electrónico reutilizables poderán incluír entre os seus metadatos unha indicación da súa última data de actualización e unha referencia ás condicións de reutilización aplicables en cada momento conforme o disposto nos artigos 7 e 8, nos termos que se establezan conforme o Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

5. Os documentos reutilizables en formato non electrónico serán postos á disposición do público logo de solicitude, nos termos establecidos no artigo 8.4.

*Artigo 3. Coordinación en materia de reutilización dos órganos, organismos e entidades do sector público estatal.*

1. Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades a que se fai referencia no artigo 1.2 contarán cun órgano encargado da coordinación das actividades de reutilización da información.

Nos departamentos ministeriais este labor de coordinación recaerá na persoa titular da subsecretaría do departamento e nos organismos vinculados ou dependentes na persoa titular destes, sen prexuízo das atribucións competenciais que establezan normas sectoriais específicas e sen prexuízo das responsabilidades que corresponden aos órganos que deban autorizar a reutilización da información en cada caso.

No exercicio dese labor de coordinación, corresponderá aos ditos órganos:

a) Coordinar as actividades de reutilización da información coas políticas do departamento ou organismo relativas ás publicacións, á información administrativa e á administración electrónica, así como coordinar a remisión de información sobre as actividades realizadas en materia de reutilización dentro do seu ámbito á Secretaría de Estado para a Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, que a trasladará ao Consello Superior de Administración Electrónica.

b) Facilitar información sobre os órganos competentes dentro do seu ámbito para a recepción, tramitación e resolución das solicitudes de reutilización que se tramiten de acordo co artigo 10 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, así como coordinar a provisión da información sobre os documentos reutilizables prevista no artigo 4.

c) Resolver, cando proceda, as queixas e suxestións que se presenten en materia de reutilización da información, conforme o Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración xeral do Estado.

Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 facilitarán aos correspondentes servizos de información dos departamentos ministeriais ou dos ditos organismos e entidades os datos de contacto daqueles que deban autorizar a reutilización dos documentos elaborados ou custodiados por eles, para efectos de que os ditos servizos de información faciliten estes datos de contacto ao público, polo menos, por medios electrónicos.

2. Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades a que se fai referencia no artigo 1.2 non serán responsables do uso que da súa información fagan os axentes reutilizadores.

3. O exercicio da potestade sancionadora, con suxeición ao establecido no artigo 11 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, corresponderá, no caso de infraccións moi graves, ás persoas titulares do departamento ministerial, e no caso de infraccións graves ou leves, aos órganos titulares da información pública correspondente con rango mínimo de dirección xeral. No caso dos demais organismos mencionados no artigo 1.2, a competencia corresponderá, en todos os casos, á persoa titular do organismo, ente ou entidade de que se trate.

*Artigo 4. Información sobre os documentos susceptibles de reutilización.*

1. Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades a que se fai referencia no artigo 1.2 informarán de maneira estruturada e usable, preferentemente a través dun espazo dedicado da súa sede electrónica co enderezo «sede.gob.es/datosabiertos», sobre que documentación é susceptible de ser reutilizada, os formatos en que se encontra dispoñible, as condicións aplicables á súa reutilización, indicando a data da última actualización dos documentos reutilizables, proporcionando, cando estea dispoñible, a información complementaria precisa para a súa comprensión e procesamento automatizado e facilitando ao máximo a identificación, busca e recuperación dos documentos dispoñibles para a súa reutilización mediante mecanismos tales como listas, bases de datos ou índices de información reutilizable.

Igualmente, informarase, preferentemente a través da correspondente sede electrónica, sobre a modalidade ou, se for o caso, modalidades de posta á disposición dos documentos reutilizables que sexan de aplicación conforme os artigos 7 e 8.

Procurarase que a información sobre os documentos reutilizables prevista neste número sexa procesable e accesible de modo automatizado.

2. En caso de que apliquen taxas ou prezos públicos á reutilización dos seus documentos publicarase, preferentemente na sede electrónica correspondente, a lista de taxas e prezos públicos que sexan de aplicación, así como a base de cálculo utilizada para a súa determinación, conforme o disposto no artigo 7 da Lei 37/2007, do 16 de novembro.

#### Artigo 5. *Catálogo de información pública reutilizable.*

1. A Secretaría de Estado para a Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública e a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio manterán un catálogo de información pública reutilizable correspondente, polo menos, á Administración xeral do Estado e aos demais organismos e entidades a que se refire o artigo 1.2, que permita acceder, desde un único punto, aos distintos recursos de información pública reutilizable dispoñibles.

2. Este catálogo será accesible, polo menos, desde o punto de acceso xeral previsto no artigo 8 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e poderá enlazar e interoperar con iniciativas similares da propia Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas nas condicións que acorden ambas as partes e no marco do previsto neste real decreto.

3. Os órganos da Administración xeral do Estado e os restantes organismos e entidades enumerados no artigo 1.2 colaborarán cos departamentos ministeriais mencionados no número 1 para a confección e o mantemento do dito catálogo e, así mesmo, serán responsables da actualización constante da información sobre os documentos reutilizables correspondente a estes contida no citado catálogo, asegurando a súa plena coherencia coa información facilitada conforme o número 1 do artigo 4 deste real decreto.

#### Artigo 6. *Coordinación en materia de reutilización da información do sector público no ámbito da Administración xeral do Estado.*

1. O Consello Superior de Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias asignadas a outros órganos, coordinará os aspectos técnicos, necesarios para a aplicación do disposto nesta norma, relacionados coa reutilización da información por medios electrónicos.

O Consello Superior de Administración Electrónica elaborará e publicará durante o terceiro trimestre de cada ano un informe anual sobre as actividades en materia de reutilización da información pública por medios electrónicos, tomando en consideración a información que lle sexa facilitada conforme a letra a) do número 1 do artigo 3.

2. A Secretaría de Estado para a Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública e a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio exercerán unha función xeral de promoción da reutilización da información do sector público estatal, desenvolvendo, para tal efecto, actuacións de información, asesoramento xeral e soporte, sensibilización, formación e estudo en materia de reutilización, incluíndo, se for o caso, o uso de redes sociais para a construción de comunidades virtuais de administracións, cidadáns e cidadás e empresas con interese na reutilización da información pública.

3. Sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, o Consello Superior de Administración Electrónica avaliará periodicamente os aspectos técnicos dos servizos públicos relacionados coa reutilización da información do sector público, e poderá dirixirse, de oficio ou por instancia de parte, a outros órganos da Administración xeral do

Estado e aos demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2, para a obtención de información e, se for o caso, para a busca de solucións consensuadas en casos de supostos de información pública cuxa reutilización estea suxeita a restricións de índole técnica.

### CAPÍTULO III

#### **Modalidades de reutilización dos documentos reutilizables**

Artigo 7. *Condicións xerais de posta á disposición dos documentos reutilizables.*

Serán de aplicación as seguintes condicións xerais para todas as modalidades de posta á disposición dos documentos reutilizables:

- a) Non desnaturalizar o sentido da información.
- b) Citar a fonte dos documentos obxecto da reutilización.
- c) Mencionar a data da última actualización dos documentos obxecto da reutilización, sempre e cando estivese incluída no documento orixinal.
- d) Non se poderá indicar, insinuar ou suxerir que os órganos administrativos, organismos ou entidades do sector público estatal titulares da información reutilizada participan, patrocinan ou apoian a reutilización que se leve a cabo con ela.
- e) Conservar e non alterar nin suprimir os metadatos sobre a data de actualización e as condicións de reutilización aplicables incluídos, se for o caso, no documento posto á disposición para a súa reutilización pola Administración ou organismo do sector público.

Estas condicións xerais serán accesibles mediante un aviso legal por medios electrónicos, de forma permanente, fácil e directa, preferentemente dentro do enderezo «sede.gob.es/datosabiertos» da sede electrónica do órgano da Administración xeral do Estado, organismo ou entidade correspondente, e vincularán calquera axente reutilizador polo mero feito de facer uso dos documentos sometidos a elas.

Este aviso legal incluírá o texto contido no anexo deste real decreto.

Artigo 8. *Modalidades de posta á disposición dos documentos reutilizables.*

1. A modalidade xeral básica para a posta á disposición dos documentos reutilizables a que se refire este real decreto será a posta á disposición sen suxeición a condicións específicas, prevista na letra a) do número 2 do artigo 4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, e aplicaranse unicamente as condicións xerais establecidas no artigo 7.

2. Non obstante o disposto no número anterior, os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 poderán optar de maneira motivada por aplicar as modalidades previstas nas letras b) e c) do número 2 do artigo 4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, á reutilización de determinados documentos que consten no seu poder nos termos que se establecen nos seguintes números deste artigo.

Para tal efecto, previamente e mediante orde ministerial ou resolución do presidente do organismo correspondente, salvo que por norma legal a dita competencia se atribúa especificamente a un órgano diferente, determinarase o réxime concreto de posta á disposición aplicable, os documentos reutilizables sometidos a este e as condicións específicas aplicables dentro do marco do disposto na Lei 37/2007, do 16 de novembro, e as disposicións deste real decreto. As condicións específicas deberán respectar, en todo caso, os criterios establecidos no número 3 do artigo 4 da mesma lei e deberán incluír, así mesmo, os contidos mínimos previstos no seu artigo 9.

3. A modalidade de posta á disposición conforme a letra b) do número 2 do artigo 4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, realizarase con suxeición a condicións específicas establecidas en licenzas-tipo dispoñibles en formato dixital e procesables electronicamente. Para tal efecto, os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 poderán

empregar licenzas-tipo existentes, denominadas «libres», sempre que se axusten ao establecido neste real decreto e demais normativa aplicable, ou proceder a establecer licenzas-tipo específicas.

En todo caso, as condicións específicas establecidas nas ditas licenzas-tipo para cada tipo de información pública reutilizable serán accesibles por medios electrónicos, de forma permanente, fácil e directa, preferentemente na sede electrónica do órgano da Administración xeral do Estado, organismo ou entidade correspondente dos enumerados no artigo 1.2, de maneira que poidan ser descargadas, almacenadas e reproducidas polos axentes reutilizadores, vinculándoos polo mero feito de facer uso dos documentos sometidos a elas.

Así mesmo, os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 facilitarán información ao público por medios electrónicos sobre as licenzas-tipo empregadas por este ao longo do tempo e as condicións específicas aplicables en cada momento, incluíndo expresamente información sobre o seu período de vixencia e posibles modificacións das condicións específicas aplicables á reutilización de cada tipo de información pública reutilizable.

Os axentes reutilizadores interesados poderán solicitar aos ditos órganos administrativos, organismos e entidades unha certificación do contido das condicións específicas aplicables a un tipo de información pública nun momento determinado. Esta certificación será expedida preferentemente mediante medios electrónicos e, en todo caso, nun prazo máximo de 15 días.

4. A modalidade de posta á disposición logo de solicitude conforme a letra c) do número 2 do artigo 4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, empregarase, con carácter xeral, cando a natureza dos documentos reutilizables exixa a tramitación dun procedemento logo de solicitude conforme o artigo 10 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, por exemplo, cando non preexistan en formato electrónico, e noutros casos excepcionais que sexan definidos de maneira motivada na correspondente orde ministerial ou resolución do presidente do organismo ou entidade correspondente. Este procedemento será tramitado preferentemente por medios electrónicos nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e a súa normativa de desenvolvemento, e figurará o acceso a este entre a información sobre a documentación susceptible de ser reutilizada descrita no artigo 4.

#### CAPÍTULO IV

##### **Réxime aplicable a documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual ou que conteñan datos persoais**

Artigo 9. *Documentos e información obxecto de dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros.*

A reutilización dos documentos que custodian os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 sobre os que existan dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros só poderá ser autorizada se tales órganos, organismos e entidades dispoñen ou obteñen, cando a reutilización concreta que se vaia facer o exixa e nos termos en que sexa necesaria, a preceptiva e suficiente cesión dos dereitos de explotación por parte dos seus titulares.

Artigo 10. *Exercicio dos dereitos de propiedade intelectual de titularidade dos órganos administrativos, organismos ou entidades do sector público estatal.*

1. De acordo co establecido no artigo 3.3.e) da Lei 37/2007, do 16 de novembro, os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 deben exercer os seus dereitos de propiedade intelectual sobre os seus documentos de forma que se facilite a súa reutilización.



2. Para tal efecto, a posta á disposición dos ditos documentos para a súa reutilización realizada conforme o disposto no artigo 8.1 comportará a cesión gratuíta e non exclusiva dos dereitos de propiedade intelectual correspondentes necesarios para desenvolver a actividade de reutilización autorizada, en calquera modalidade e baixo calquera formato, para todo o mundo e polo prazo máximo permitido pola lei.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior poderá ser exceptuado, en todo o non referente á non exclusividade da cesión, mediante o establecemento de condicións específicas de acordo co disposto nos números 2 a 4 do artigo 8 cando se empreguen as modalidades de posta á disposición previstas neles, sempre dentro dos límites establecidos na Lei 37/2007, do 16 de novembro, e, en particular, no seu artigo 4.3 e no seu artigo 6.

Artigo 11. *Reutilización dos documentos que conteñan datos de carácter persoal.*

1. O acceso a documentos que conteñan datos de carácter persoal ou referentes á intimidade das persoas estará reservado a estas, que poderán, ademais, exercer os seus dereitos de rectificación, cancelación e oposición de acordo co previsto na lexislación de protección de datos persoais e o artigo 37.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Non obstante, sempre e cando os medios técnicos e económicos o permitan, deberase proceder á disociación dos datos persoais, nos termos que derivan do establecido no artigo 3.f) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no artigo 5.1.e) do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, co fin de permitir a súa reutilización por outras persoas.

Disposición adicional primeira. *Ausencia de impacto orzamentario.*

A aplicación das previsións contidas neste real decreto non suporá incremento do gasto público nin diminución dos ingresos públicos. Por tanto, os departamentos ministeriais, organismos e entidades afectados deben desenvolver as medidas derivadas do seu cumprimento aténdose ás súas dispoñibilidades orzamentarias ordinarias, e non darán lugar, en ningún caso, a propostas de necesidades adicionais de financiamento.

Disposición adicional segunda. *Adaptación do sector público estatal ás disposicións deste real decreto.*

Os órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal a que se fai referencia no artigo 1.2 deberanse adaptar ás disposicións deste real decreto no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

No citado prazo dun ano aprobarán un plan propio de medidas de impulso da reutilización da información do sector público por medios electrónicos, dentro do seu ámbito de competencias, que incluírá o compromiso por parte dos departamentos ministeriais de publicar a través de tales medios, dunha maneira estruturada e usable para os interesados e interesadas e en bruto, en formatos procesables e accesibles de modo automatizado correspondentes a estándares abertos, polo menos catro conxuntos de documentos de alto impacto e valor nun prazo máximo de seis meses desde a finalización do prazo de adaptación previsto no parágrafo anterior.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.*

O Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, modifícase como segue:

Un. Engádesse unha nova letra l) ao número 1 da disposición adicional primeira do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, que terá a seguinte redacción:

«l) Reutilización de recursos de información: tratará das normas comúns sobre a localización, a descrición e a identificación unívoca dos recursos de información postos á disposición do público por medios electrónicos para a súa reutilización.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Normativa técnica relativa á reutilización de recursos de información.*

A normativa relativa á reutilización de recursos de información deberá estar aprobada, como máis tarde, o 1 de xuño de 2012.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Os ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Política Territorial e Administración Pública ditarán, conxunta ou separadamente, segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que exixan o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación do anexo.*

Autorízase que mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, e de Política Territorial e Administración Pública, se poida modificar o contido do anexo deste real decreto, co fin de mantelo actualizado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

## ANEXO

**Aviso legal para a modalidade xeral de posta á disposición dos documentos reutilizables regulada no número 1 do artigo 8**

1. Conforme o disposto no artigo 7 deste real decreto incluírase o seguinte texto no aviso legal dispoñible por medios electrónicos, preferentemente no enderezo «sede.gob.es/datosabiertos» da sede electrónica do órgano administrativo, organismo ou entidade correspondente.

«Obrigatoriedade das condicións xerais.

As presentes condicións xerais, dispoñibles con carácter permanente en «www.datos.gob.es/avisolegal», vincularán calquera axente reutilizador polo mero feito de facer uso dos documentos sometidos a elas.

Autorización de reutilización e cesión non exclusiva de dereitos de propiedade intelectual.

As presentes condicións xerais permiten a reutilización dos documentos sometidos a elas para fins comerciais e non comerciais. Enténdese por reutilización o uso de documentos que constan en poder dos órganos da Administración xeral do Estado e dos demais organismos e entidades do sector público estatal referidos no artigo 1.2 do Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público estatal, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que este uso non constitúa unha actividade administrativa pública. A reutilización autorizada inclúe, a modo ilustrativo, actividades como a copia, difusión, modificación, adaptación, extracción, reordenación e combinación da información.

O concepto de documento é o establecido no número 2 do artigo 3 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, polo que comprende toda información calquera que sexa o seu soporte material ou electrónico así como a súa forma de expresión gráfica, sonora ou en imaxe utilizada, incluíndo, en consecuencia, tamén os datos nos seus niveis máis desagregados ou «en bruto».

Esta autorización comporta, así mesmo, a cesión gratuíta e non exclusiva dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, correspondentes a tales documentos, e autoriza a realización de actividades de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación, necesarias para desenvolver a actividade de reutilización autorizada, en calquera modalidade e baixo calquera formato, para todo o mundo e polo prazo máximo permitido pola lei.

Condicións xerais para a reutilización.

Son de aplicación as seguintes condicións xerais para a reutilización dos documentos sometidos a elas:

1. Está prohibido desnaturalizar o sentido da información.
2. Débese citar a fonte dos documentos obxecto da reutilización. Esta cita poderase realizar da seguinte maneira: «Orixe dos datos: *[órgano administrativo, organismo ou entidade do sector público estatal de que se trate]*».
3. Débese mencionar a data da última actualización dos documentos obxecto da reutilización, sempre e cando estivese incluída no documento orixinal.
4. Non se poderá indicar, insinuar ou suxerir que o *[órgano administrativo, organismo ou entidade do sector público estatal de que se trate]* titular da información reutilizada participa, patrocina ou apoia a reutilización que se leve a cabo con ela.
5. Débense conservar, non alterar nin suprimir os metadatos sobre a data de actualización e as condicións de reutilización aplicables incluídos, se for o caso, no documento posto á disposición para a súa reutilización.

Exclusión de responsabilidade.

A utilización dos conxuntos de datos será realizada por parte dos usuarios ou axentes da reutilización baixo a súa propia conta e risco, e corresponderalles en exclusiva a eles responder fronte a terceiros por danos que puidesen derivar dela.

[O *órgano administrativo, organismo ou entidade do sector público estatal de que se trate*] non será responsable do uso que da súa información fagan os axentes reutilizadores nin tampouco dos danos sufridos ou perdas económicas que, de forma directa ou indirecta, produzan ou poidan producir prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provocados polo uso da información reutilizada.

[O *órgano administrativo, organismo ou entidade do sector público estatal de que se trate*] non garante a continuidade na posta á disposición dos documentos reutilizables, nin en contido nin en forma, nin asume responsabilidades por calquera erro ou omisión contido neles.

Responsabilidade do axente reutilizador

O axente reutilizador está sometido á normativa aplicable en materia de reutilización da información do sector público, incluíndo o réxime sancionador previsto no artigo 11 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.»

2. Co obxectivo de informar os motores e os sistemas automatizados de busca na internet incorporaranse ademais na codificación do citado enderezo os mecanismos de localización de información pública reutilizable que se consideren oportunos. Para isto, ben que se poderán utilizar outras modalidades técnicas, propónse o seguinte comando básico, que enlaza coas condicións xerais de reutilización:

`<a href=»http://www.datos.gob.es/avisolegal» rel=»license»>Aviso legal</a>`

ou ben o comando

`<a href=»http://www.datos.gob.es/avisolegal»>Aviso legal</a>.`